

Un mundo dixital

Ordenadores

Son máquinas capaces de recibir, crear y procesar datos. Están formados por:



Torre: Contén todas as pezas necesarias para que o ordenador funcione, incluído o disco duro onde se gardan imaxes e documentos.



Monitor: Mostra textos, imaxes e vídeos. A pantalla de inicio chámase escritorio. Algúns poden ter cámara para facer videochamadas.



Teclado: Permite escribir texto e números.



Rato: Move o cursor pola pantalla.



Impresora: Obtén copias en papel dos documentos que vemos no ordenador.




Autofalantes/Auriculares: Emiten sons.

Todos estes elementos atópanse conectados por cables.

Tabletas

Son máis pequenas e lixeiras ca os ordenadores e funcionan sen estar enchufadas.



Pantalla táctil: Contrólase tocando directamente a pantalla, sen necesitar teclado.

Botóns: Serven para acendelas e apagalas ou para controlar o volume.

Batería: Para que funcionen, cómpre recargala conectándoa a un enchufe.

Iconas: Na pantalla hai iconas que, ao premelas, permiten abrir xogos e aplicacións.